

O “imparfait” é, como podes imaxinar, a forma correspondente ao imperfecto. Na seguinte táboa atoparás as formas equivalentes en francés, galego e castelán:

Imparfait (Copretérito /Imperfecto)					
Francés		Galego		Castelán	
Je parl ais Tu parl ais Il parl ait Nous parl ions Vous parl iez Ils parl aient	Je disais Tu disais Il dis ait Nous dis ions Vous dis iez Ils dis aient	Eu fal aba Ti fal abas El fal aba Nós fal abamos Vós fal abades Eles fal aban	Eu dic ía Ti dic ías El dic ía Nós dic íamos Vós dic íades Eles dic ían	Yo habl aba Tú habl abas Él habl aba Nosotros habl ábamos Vosotros habl abais Ellos habl aban	Yo dec ía Tú dec ías Él dec ía Nosotros dec íamos Vosotros dec íais Ellos dec ían
Terminacións iguais para todos os verbos		Unha excepción para estas dúas linguas! O imperfecto do verbo ser : <ul style="list-style-type: none"> – Galego: eu era/ti eras/el era /nós eramos/vós erades/eles eran – Castelán: yo era/tú eras/ él era/ nosotros éramos/ vosotros erais/ ellos eran 			

Como en galego non temos tempos compostos, a forma equivalente ao “passé composé” sería, pois, a do pretérito. En castelán, o “passé composé” substitúe ao pasado simple e ao composto.

Para ter unha idea máis clara, mira a táboa de equivalencias que vén a continuación:

Passé composé			
Francés	Galego	Castelán	
Passé composé	Pretérito	Pasado simple	Pasado composto
J'ai parlé Tu as parlé Il a parlé Nous avons parlé Vous avez parlé Ils ont parlé	Eu falei Ti falaches El falou Nós falamos Vós falastes Eles falaron	Yo hablé Tu hablaste Él habló Nosotros hablamos Vosotros hablasteis Ellos hablaron	Yo he hablado Tú has hablado El ha hablado Nosotros hemos hablado Vosotros habéis hablado Ellos han hablado

O *plus-que-parfait* corresponde ao *antepretérito* galego e ao *pluscuamperfecto* castelán. Observa os exemplos da táboa:

Plus-que-parfait		
Francés	Galego	Castelán
J'avais parlé	Eu falara	Yo había hablado
Tu avais parlé	Ti falaras	Tú habías hablado
Il avait parlé	El falara	Él había hablado
Nous avions parlé	Nós faláramos	Nosotros habíamos hablado
Vous aviez parlé	Vós falarades	Vosotros habíais hablado
Ils ont parlé	Eles falaran	Ellos habían hablado

Para os tempos compostos, como en galego non existen, sempre debes empregar como modelo o castelán. Fíxate ben, parécese moito.